

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA PISCINA CUBERTA E CLIMATIZADA DO PARQUE DA MILAGROSA (FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL).

Sendo as 12:30 horas do día 18 de marzo de 2009, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía e Emprego, dona Sonia Méndez García e actuando como vocais:

- Don José Manuel Díaz Grandío, Concelleiro delegado de Deportes.
- Don José Chorén Vázquez, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- Dona Alicia Peña Murias, polo grupo Municipal do Partido Popular.
- Don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Xeral do Concello.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Xefa da Asesoría Xurídica do Concello.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como secretario.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario informar que a documentación administrativa presentada polas seis empresas licitadoras considerouse correcta, e na súa consecuencia procede á apertura dos sobres B, relativos ás ofertas económicas, sendo o seu detalle o seguinte:

- OBRASCON HUARTE LAIN, S.A., propón como prezo do contrato a cantidade de 2.708.546,99 euros, IVE incluído, unha cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato de 271.000 euros, un prazo de execución de 16 meses así como a empregar 51 traballadores con contrato anterior á publicación do R.D. L. 9/2008, así como a 38 novos traballadores en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social.

Non obstante o anterior e examinada na súa totalidade os demais documentos que acompaña á oferta económica, obsérvase que o prazo de execución da obra é, sen ningún xénero de dúbidas, de 7 meses, xa que no documento nº 6 titulado “plazo de execución y programa de traballos” figura como prazo de execución 7 meses. Por outra banda no listado de persoal asignado á obra, dentro do apartado de duración do contrato laboral, aparece como prazo máximo 210 días, o que equivale a 7 meses.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: ACTA APERTURA OFERTAS ECONOMICAS PISCINA CUBERTA.doc

Asunto:

- CORSAN-CORVIAM, CONSTRUCCIÓN, S.A., propón como prezo do contrato a cantidade de 2.708.546,99 euros, IVE incluído, unha cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato de 100.000 euros, un prazo de execución de 230 DIAS así como a empregar 13 traballadores con contrato anterior á publicación do R.D. L. 9/2008, así como a 20 novos traballadores en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social.

- ODEGAL, S.L. e FRISAQUÉS, S.L. en UTE. propoñen como prezo do contrato a cantidade de 2.708.546,99 euros, IVE incluído, unha cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato de 134.469,88 euros, un prazo de execución de 8 meses así como a empregar 33 traballadores con contrato anterior á publicación do R.D. L. 9/2008, así como a 7 novos traballadores en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social.

- COPCISA, S.A. propón como prezo do contrato a cantidade de 2.708.546,99 euros, IVE incluído, unha cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato de 98.124,12 euros, un prazo de execución de 5 meses así como a empregar 20 traballadores con contrato anterior á publicación do R.D. L. 9/2008, así como a 22 novos traballadores en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social.

- EOC GALICIA, S.A. e CONSTRUCTORA HISPÁNICA, S.A., en UTE, propoñen como prezo do contrato a cantidade de 2.708.546,99 euros, IVE incluído, unha cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato de 135.427,35 euros, un prazo de execución de 7 meses así como a empregar 25 traballadores con contrato anterior á publicación do R.D. L. 9/2008, así como a 25 novos traballadores en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social.

- ANTALSIS, S.L. e CYMI, S.A. en UTE, propoñen como prezo do contrato a cantidade de 2.708.546,99 euros, IVE incluído, unha cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato de 138.000 euros, un prazo de execución de 7 meses así como a empregar 32 traballadores con contrato anterior á publicación do R.D. L. 9/2008, así como a 12 novos traballadores en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: ACTA APERTURA OFERTAS ECONOMICAS PISCINA CUBERTA.doc

Asunto:

Tras un examen completo das ofertas, os integrantes da mesa, acordan enviar as ofertas a informe do Arquitecto Técnico Municipal don José María Seijas Fernández, a fin de que valore os seguintes criterios de adxudicación:

Plan de mantemento do edificio; Incremento do período de garantía; Importe de execución material destinado ó Control de Calidade; Prazo de execución do contrato e programa de traballos; Estudio Técnico das obras; Equipo Técnico adscrito á obra; Rapidez de resposta.

E ós Servizos de Contratación e Intervención para valorar os criterios:

Número de traballadores con contrato anterior á publicación do Real Decreto-Lei 9/2008 (2 de decembro de 2008) adscritos á obra e novos traballadores en situación legal de desemprego que se compromete a contratar a empresa para a realización da obra; Cantidade económica destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz